

**Proposta de PLAN
ZONAL DE CAPTURA DO
POLBO CON NASAS
“ CORRUBEDO –
VILANO”**

Muros, setembro de 2009.

O establecemento no seu día das vedas do polbo en determinadas zonas do litoral leváronse a cabo cun consenso entre a consellería competente e o sector, ao considerar ámbalas partes que a recuperación dos recursos pesqueiros é a base fundamental sobre a que se debe construír unha política pesqueira. Logo a Orde do 8 de maio de 1995 pola

que se establecía a veda do polbo, na súa exposición de motivos dicía que existen diversas formas de recupera-lo recursos e adoptar solucións que garantan o mantemento do emprego no mar e aseguren as vendas dos seus traballadores. Nese sentido a realización de paros biolóxicos no seu momento permitiu unha recuperación dos recursos sen reduci-la capacidade das frotas implicadas e mantendo o nivel de renda dos mariñeiros.

Os estudos biolóxicos e a experiencia do sector confirmaban que cara ó final da primavera e o comezo do verán, abunda extraordinariamente o polbo de pequeno tamaño, o que leva que se pesque en grandes cantidades, co prexuízo para os recursos. Por esa razón foi aconsellable facer as vedas, que permitían a recuperación da especie cun aumento dos tamaños de captura e unha mellora dos prezos.

O Decreto 348/2002, do 13 de decembro, polo que se modifica o Decreto 424/1993, de 17 de decembro, que aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos permisibles en Galicia regula nos seu artigo 70º a arte de nasa de polbo, dando tamén a posibilidade de establecer topes de capturas cando se estimen necesarios, así coma outras medidas para a xestión do recurso.

O Decreto 348/2002, do 13 de decembro, polo que se modifica o Decreto 424/1993, de 17 de decembro, que aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos permisibles en Galicia, no seu artigo 3º bis, establece que a Consellería de Pesca poderá aprobar plans experimentais coa finalidade de acadar información científica cara á mellor regulación das artes e aparellos, e, con este fin, levarase un control por observadores científicos.

A Orde do 13 de decembro de 2006, pola que se desenvolve o plan de recuperación do polbo e se ditan normas para a aprobación dos plans zonais, establece as bases da xestión e os contidos mínimos para a elaboración dos Plans Zonais de explotación no

marco do Plan de recuperación do polbo, ao tempo que desenvolve tamén o plan de recuperación do polbo, que entrou en vigor o 12 de maio de 2006 e establece unha vixencia para os plans zonais ata o día 31 de decembro de 2009. Esta orde, no seu artigo 2º, prevé que será a Dirección Xeral de Recursos Mariños a que aprobará, mediante resolución, os plans zonais.

Os encontros da pesca de baixura celebrados en Santiago o 27 e 28 de setembro de 2002 - MESA DAS NASAS I -, nas súas conclusións indicaba claramente que para a xestión e ordenación dos recursos había que establecer plans de pesca por zonas onde se incluírían:

- TOPES DE CAPTURAS.
- PARADAS BIOLÓXICAS (alomenos xuño, xullo e/ou agosto).

Así mesmo, os encontros de baixura da zona comprendida dende Fisterra a Porto do Son (confrarías de Fisterra, Corcubián, O Pindo, Lira, Muros, Noia, Portosín e Porto do Son), que tiveron lugar en Muros con data 6 de febreiro de 2003, contemplaban plans zonais, topes de capturas ata un máximo de 160 kgrs por embarcación (40 por tripulante), paros, puntos de descarga e control. Propostas todas elas que xa viñan de antano, posto que estas oito confrarías das zonas I V e V, entre Corrubedo e Fisterra, xa viñan mantendo diversas reunións, alomenos, desde o ano 1992, onde xa se propuñan unha serie de medidas de actuación para a conservación do recurso.

Con estes antecedentes, con data 6 de febreiro de 2003, a petición da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, celébrase en Muros unha nova xuntanza destas oito confrarías, onde despois de debater a problemática chégase a elaboración dunha proposta de borrador do **PLAN CONXUNTO EXPERIMENTAL PARA A PESQUERIA DE POLBO CON NASAS NAS ZONAS IV E V (de Cabo Corrubedo a Cabo Fisterra)**, onde se recoñece que o ritmo de explotación actual é crítico tanto para o recurso coma para o sector, ao tempo que se recoñece tamén que o sector desorganizado favorece o incumprimento das normas. Xa

que logo, hai que facer unha regulación propia, tendo unha necesidade de planificarnos e organizarnos para ter unha explotación máis racional e sostible.

NORMAS:

1º.- Ámbito de aplicación e obxectivo:

1.1.-Ámbito de aplicación:

O presente plan será de aplicación na zona comprendida entre Cabo Corrubedo e Cabo Vilano, zonas IV, V e parte da VI, consonte a definición que fai o Anexo I da Orde de 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións, afectando ás confrarías de Porto do Son, Portosín, Noia, Muros, Lira, O Pindo, Corcubión, Fisterra, Muxía e Camariñas.

1.2.- Obxectivo:

A recuperación da poboación do polbo, permitindo a incorporación de novos reclutas á mesma, e un aumento de biomasa dos individuos xa presentes no stok, evitando ao mesmo tempo que se vexan sometidos posteriormente a unha presión pesqueira moi intensa que non faga viable o esforzo económico e social que supoñen as paradas.

2º.- Período de vixencia:

O período de vixencia abrangue dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

3º.- Censo de participantes:

Tódalas embarcacións do censo de artes menores que teñan incluída a arte de “NASA DO POLBO” no seu permiso de explotación vixente, e inscritas no plan.

4º.- Medidas de xestión:

4.1.- O Plan Zonal inclúe unha parada biolóxica de catro meses subvencionada (meses de maio, xuño, xullo e agosto).

4.2.- Condicións para acollerse ao financiamento da parada biolóxica:

4.2.1. ACTIVIDADE:

O barco deberá ter unha actividade mínima de 90 días despachado a “nasa do polbo” en cada un dos períodos de doce meses anteriores á data de solicitude da paralización temporal ou 120 días desta pesqueira nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude desta. E, no suposto que a embarcación leve menos de doce meses no último porto base, que a actividade principal desa embarcación –alomenos o 60 por cento dese tempo despachado – sexa tamén da pesqueira de nasa do polbo.

4.2.2. VENDAS:

Ter capturas cun mínimo de 2.400 quilos de polbo en cada un dos períodos do doce meses anteriores. No suposto das embarcacións con menos de doce meses no porto base, o tope mínimo será o cálculo resultante de alomenos 200 quilos por cada un dos meses de antigüidade no porto.

4.3.- Perante este período de parada biolóxica as nasas terán que ser levadas a terra, quedando totalmente prohibida a captura do polbo para todo tipo de artes. Nembargantes, as embarcacións poden acollerse a parada biolóxica ou optar por traballar despachando para outras artes que teñan no permiso de explotación.

Aquelas embarcacións que non teñan outras artes no permiso de explotación, no período de parada ou veda, si non é subvencionada ou non cumpre cos requisitos para ter dereito a subvención, se lle autorice a despachar a outras artes concedéndolles un cambio de modalidade temporal ao abeiro da Orde do 3 de maio de 2007, pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.4.- Topes de captura:

4.4.1: -De maio a outubro:

O tope máximo de captura de polbo por tripulante e día será de 40 kg por embarcación e 40 kg máis por tripulante debidamente enrolado e a bordo.

4.4.2.: -De novembro a abril:

O tope máximo de captura será semanal, se establece en 200 Kg por embarcación e 200 Kg máis por tripulante debidamente enrolado e a bordo.

4.4.3.: -Estes topes de capturas non son de aplicación ás embarcacións que estando despachadas para a “nasa da nécora” capturen polbo. Ditos topes quedan estipulados en 25 kgrs/día, segundo se indica no parágrafo 4.6.

4.5.- Tamaño mínimo do polbo:

O tamaño mínimo de captura do polbo será perante todo o período de vixencia do plan de 1 kgr.

4.6.- Perante o período da apertura da veda da “nasa da nécora” soamente se permitirá as embarcacións despachadas con dito arte, a captura do polbo cuns topes nunca superiores a 25 quilos por embarcación e día, aos efectos eliminar que, so pretexto de despachar para nécora estean dirixidas as capturas ao polbo. Así mesmo, tamén se permita ás embarcacións participantes neste plan do polbo traballar dentro destas zonas, e nas mesmas condicións que por fora delas,

ata o límite das liñas que se sinalan nos Anexos III aos que fai referencia o Decreto 369/1994, do 2 de decembro, que modifica o decreto 424/1993, do 17 de decembro, excepto na zona de Muros, onde se permitiría tamén traballar por dentro das liñas do referido Anexo III, e nas de Camariñas e Fisterra por dentro das que se sinalan:

Camariñas	De punta Corpiño a Punta Merexo e de	-	Por dentro das liñas
	De Punta Merexo a Punta Villueira	-	Por dentro das liñas.
Fisterra	De punta Berdullas a punta Mosguenta.	-	Por dentro das liñas.
Corcubión	De punta Mariñas a Castillo do Príncipe.	-	Por fora das liñas.
Muros	De punta Rebordiño a illa Santa Catalina.	-	Por dentro das liñas.
Noia	De illa da Creba a punta Refis de Cons.	-	Por fora das liñas.

4.7.- Topes de Nasas:

O número máximo de nasas a utilizar por cada embarcación participante no plan será ata un tope de 500, dependendo do TRB. e dos tripulantes enrolados e a bordo:

- I. Embarcacións menores de 2,50 TRB: 75 nasas por embarcación e 50 máis por cada tripulante enrolado e a bordo.
- II. Embarcacións abrangidas entre 2,51 e 5,00 TRB: 150 nasas por embarcación e 50 máis por cada tripulante enrolado e a bordo.
- III. Embarcacións de máis de 5,01 TRB: 250 nasas por embarcación e 50 máis por cada tripulante enrolado e a bordo.

4.8.- Tipos de Nasa:

4.8.1.: Nasa do polbo e nécora:

Facer unha modificación da cualificación das nasas levando a cabo a unificación das correspondentes a de “polbo” e “nécora”, deixándoas en “nasa única” para as dúas especies.

4.8.2: Nasa de camarón:

Manter a xa existente na normativa actual e coas mesmas características tal e como contempla o Decreto 424/1993, do 17 de decembro.

5º.- **Balizamento:**

As embarcacións deberán ter balizadas e identificadas adecuadamente cada un dos extremos que conforman cada unha das caceas ou artes que manteñan caladas.

7º.- **Horario de traballo:**

Para as embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasa, o horario de faena será diúrno, e a súa actividade desenvolverase diariamente dende as 06,00 horas da mañá ata as 18,00 horas da tarde.

Establécese un período de descanso semanal entre as 18,00 horas do venres ata as 06,00 horas do luns.

Neste período de descanso semanal as nasas poderán permanecer no seu calamento sen ser levadas a porto.

8º.- **Control e seguimento:**

Por parte da Consellería do Mar farase un seguimento do plan a través do Servizo de Gardacostas ao tempo que se poderán establecer diferentes puntos de control nos portos afectados. En cuxo caso, as embarcacións participantes en dito plan terán a obriga inescusábel de pasar por estes puntos a súa chegada a terra, onde poderán ser inspeccionados tanto polos axentes do servizo de gardacostas como polos gardapescas mariños das diferentes confrarías.

Perante o período de vixencia deste plan, o persoal científico poderá ir a bordo das embarcacións incluídas nel, coa finalidade de acadar información científica, obter datos de seguimento da actividade e comprobar a súa adecuada execución. Xa que logo, a falta de colaboración dos armadores determinará a exclusión da embarcación da relación de autorizados. En todo caso, os datos obtidos polo persoal científico terán única e exclusivamente un tratamento de seguimento puramente científico, e non poderán ser utilizados con efectos represivos e de control das embarcacións participantes.

9º.- Modificacións do plan:

En función do estado do recurso, consultado o sector e coa conformidade do mesmo, a proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, poderá modificarse algunha das condicións do presente plan no período da súa vixencia.

En todo o non previsto no presente plan serán de aplicación tódalas normas que regulan a actividade pesqueira, comercialización, seguridade e outras de xeral aplicación.

En Muros, a 25 de xullo de 2.009.

Asdo: Confraría de Porto do Son.-

Asdo: Confraría de Portosín.-

Asdo: Confraría de Noia.-

Asdo: Confraría de Muros.-

Asdo: Confraría de Lira.-

Asdo: Confraría de O Pindo.-

Asdo: Confraría de Corcubión.-

Asdo: Confraría de Fisterra.-

Asdo: Confraría de Muxía.-

Asdo: Confraría de Camariñas.-